



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es

galicia

*Resolución do 4 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.*

Por Resolución do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas nas especialidades de acordeón (593001), arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave (593009), dirección de orquestra (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), frauta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), produción e xestión de música e artes escénicas (593115), repertorio con piano para instrumentos (593098), repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078) e violoncello (593079).

Por Resolución do 19 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades antes citadas.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a dita relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento así como facelas públicas no portal de internet desta consellería, [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave (593009), dirección de orquestra (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), frauta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), repertorio con piano para instrumentos (593098), repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078), violoncello (593079).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo a base sétima da convocatoria acordada pola Resolución do 20 de setembro de 2018, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición contra a presente resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

